



DECRETO

Ilmo. Sr. D. Mauricio Repetto Morbán, Tte. de Alcalde da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais do Excmo. Concello de Lugo,

Instruído expediente relativo á: RESOLUCIÓN PROXECTOS PARTICIPANTES – VALORACIÓN FINAL

Vistos os seguintes antecedentes:

- Acordo 17/229 da XGL, de data 11 de xuño de 2025, de aprobación das bases de selección de proxectos innovadores para a súa participación no programa TURISTALENT 5.0
- Informe do Servizo de Desenvolvemento Local, de data 1 de agosto de 2025, relativo á verificación da documentación administrativa presentada polos aspirantes, do cal se desprende, que as 13 solicitudes están completas e correctas.
- Informe do Comité Técnico de Valoración Inicial dos proxectos de data 11 de setembro de 2025
- Informe de data 11 de setembro de 2025 de Desenvolvemento Local de proposta de resolución dos proxectos participantes.
- Informe do Comité Técnico de Valoración Intermedia dos proxectos de data 24 de outubro de 2025.
- Informe de data 24 de outubro de 2025 de Desenvolvemento Local de proposta de resolución dos proxectos seleccionados para participar na fase de aceleración
- Informe do Comité Técnico de Valoración Intermedia dos proxectos de data 16 de xaneiro de 2026.
- Informe de data 21 de xaneiro de 2026 de Desenvolvemento Local de proposta de resolución de valoración final dos proxectos

Turistalent 5.0 nace como unha iniciativa municipal pioneira en Galicia, promovida polo **Concello de Lugo** e integrada no **Plan de Sostibilidade Turística en Destino “Et Edendo, Lucas: un percorrido histórico pola enogastronomía”**, financiado polo **Ministerio de Industria e Turismo** no marco do **Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia**, con fondos da **Unión Europea – NextGenerationEU**.

O obxectivo principal do programa foi impulsar o talento emprendedor local no ámbito turístico e enogastronómico, mediante un itinerario estruturado de formación, mentorización e acompañamento, orientado a transformar propostas innovadoras en modelos de negocio viables, sostibles e competitivos, con capacidade de crecemento a nivel territorial e proxección internacional.

O programa desenvolveuse entre os meses de outubro de 2025 e xaneiro de 2026, articulándose en distintas fases que incluíron formación inicial, procesos de aceleración empresarial, mentorización individualizada e preparación de presentacións (*pitches*), culminando na gala final celebrada o 16 de xaneiro de 2026 no Vello Cárcere de Lugo.

Nos informes emitidos ao longo do desenvolvemento do programa enumerados nos antecedentes, se recollen os **resultados, valoracións e conclusións** da primeira edición de Turistalent 5.0, unha vez finalizado o proceso formativo e realizadas as presentacións públicas dos proxectos. Así mesmo, reflicten a avaliación efectuada polo **Comité Técnico de Valoración**, atendendo ao grao de madurez acadado por cada iniciativa, o seu potencial económico, nivel de innovación, repercusión turística, escalabilidade e perspectiva de internacionalización.

Por todo o anteriormente exposto, en virtude das atribucións delegadas pola Alcaldía segundo o seu Decreto número 10280/2025 do 4 de novembro, do Libro Único de Resolucións,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Publicar a valoración final dos proxectos participantes en Turistalent 5.0, considerando a súa evolución ao longo do programa de aceleración e as presentacións realizadas na gala final. Foron avaliados un total de **10 proxectos finalistas**, todos eles participantes activos no programa de aceleración e mentorización, coa seguinte puntuación:

- Lugo 5 Sentidos: 80,5 puntos.
- ALMA: 76,5 puntos.
- Barvantia: 81 puntos.
- Master of Museums (LUCUS Arqueolóxico): 98 puntos.
- TheOK.app: 54 puntos.
- Raíces - Reconecta contigo: 91 puntos.
- Tutapeo: 70 puntos.
- Camino y Sabor: 41 puntos.
- WorkFromGalicia: 78,5 puntos.
- Doris Repostería: 71 puntos.

SEGUNDO.- Notificar mediante a publicación da presente resolución no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Lugo, así como na web do programa TURISTALENT 5.0, aos participantes e proxectos seleccionados.

TERCEIRO.- As resolucións que se diten nestes procedementos esgotan a vía administrativa e contra as mesmas cabe interpoñer recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cúmprase.